

ABRAZO MAÑANERO



Moi boas!

Non sei se o sabedes pero o pasado domingo 17 de maio foi o Día das Letras galegas. Unha xornada especial na que se pon en valor a nosa lingua galega e, sobre todo, escritores galegos que deixaron moitas publicacións escritas en galego e defendendo o galego.

Cada ano dedícase a unha persoa distinta escollida pola Real Academia Galega.

Este 2020 ten unha persoa moito máis especial para nós pois naceu na nosa cidade, exactamente no barrio de Ferrol Vello. Deixo unha pista en forma de foto. É un edificio que hai en Ferrol co mesmo nome que esta persoa. Se coñeces o nome do edificio, coñeces o escritor homenaxeado deste ano.



Localízase no Inferniño

Ten biblioteca, entre outros
espazos

Coñécese como centro cultural

...

**RICARDO
CARVALHO
GALERO**

LETRAS GALEGAS 2020



UN POUCO DE INFORMACIÓN SOBRE ESTE HOME TAN IMPORTANTE PARA AS LETRAS GALEGAS

Chámome **Ricardo Carvalho Calero**. As biografías contan que nacín en **Ferrol** aló polo 1910. Non menten. Crieime en Ferrol Vello, a zona máis antiga da cidade.

Dende moi pequeno andaba sempre entre libros, cines e teatros. Con quince anos escribía poemas e aos dezaseis empecei unha carreira. Comecei traballando no concello de Ferrol e rematei con dúas carreiras e un doutoramento.

Nos anos trinta participei na fundación do Partido Galeguista con Castelas e outros amigos e comezamos a elaborar o Estatuto de Autonomía de Galiza. Con todo, tiveren tempo de casar con María Ignacia, coa que tiveren dúas fillas.

No 1936, estando examinándome en **Madrid**, comezou a Guerra. Uníme ao exército para protexer a democracia, a República e o noso autogoberno. Loitei en defensa da miña liberdade e tamén da túa. Por culpa diso condenáronme a doce anos e un día de prisión, pero por bo comportamento estiveren dous anos no cárcere en **Jaén**, onde pasei medo e calor.


Anos despois, dirixín o Colexio Fingoi en **Lugo** e, cando puideren, fun profesor nun instituto de **Santiago de Compostela**. Máis tarde, dicían que sabía moito, quixéronme na Universidade para ensinar a nosa lingua. Neses anos o galego non estaba moi estudado e chamábanme de todas partes para saber máis del. Fun o primeiro catedrático da nosa lingua e escribín as regras para que vós a poidades aprender na escola. Traballei moitísimo. Dei conferencias por Europa e América. Escribín moitos libros e até entrei na Real Academia Galega, aínda que renunciéi.

Fíxenme vello, pero non me cansaba de investigar e os premios non paraban de chegar. Nomeáronme fillo predilecto de Ferrol.

Lendo é como máis se aprende e comprendín que o galego e o portugués son moi parecidos. Tamén descubrín que teñen a mesma orixe. Quixen que ti soubeses isto.

➤ Despois de ler a pequena biografía sobre Ricardo Carvalho Calero, responde estas preguntas relacionadas coas áreas de Ciencias Sociais:

- En que provincias galegas viviu este home? A que provincia pertence Santiago de Compostela?
- En que dúas cidades galegas traballou como profesor de instituto e no propio concello da cidade?
- Na biografía, hai outras cidades de España. Saberías dicir onde están? Usarás os puntos cardinais. É sinxelo! Deixo un mapa con pistas para que saibas exactamente.



FERROL EN IMAXES

PRAZA DE ARMAS EN 1910




PRAZA DE ARMAS NOS ANOS 90

IGREJA DO CARME



BAIXOS CON PEQUENAS TENDAS PEGADAS AO PARKING SUBTERRÂNEO



PRAZA DE ARMAS NA ACTUALIDADE



(copiamos as preguntas e respondemos no caderno)

- Tendo en conta as imaxes de onte e de hoxe, cres que se recuperou a praza de Armas tal e como era nos primeiros anos de vida de Carvalho Calero? Razoa a resposta.
- Te gusta como quedou? Explica.



Por último, vas ver unhas imaxes da casa natal deste escritor ferrolán.



Ambas imaxes pertencen á casa onde naceu Ricardo ubicada en Ferrol Vello. É unha casa de dous pisos que está actualmente en perigo de derrubamento. Responde estas preguntas:

- Que opinión tes da súa casa natal?
- Entras algunha diferenza do estado da casa natal deste escritor e de Francisco Franco? Cales poden ser os motivos de tal diferenza? Explica a importancia do noso patrimonio.
- Verías necesaria a reforma desta casa para poder sentirmos orgullosos dela pois naceu aquí un escritor moi importante? Explica os motivos.
- Se traballaras no concello, que tipo de actividades escolares organizarías para darlle valor a esta casa? Explica.